



# NOTIFICACIÓN

**Expediente núm.:** 2023004818

**Notificación ao Interesado**

**Procedemento:** Subvencións por Concorrenca Competitiva

**Interesado:** FONDO GALEGO DE COOP. E SOLIDARIDADE

| EXPEDIENTE NÚM. | ÓRGANO  | DATA       | NÚM. DECRETO |
|-----------------|---------|------------|--------------|
| 2023004818      | Alcalde | 11/12/2023 | 2023-2670    |

Mediante a presente se lle notifica a seguinte resolución, para os seus efectos e coñecemento:

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Antecedentes

1. Na acta n.º 3/2023 correspondente a sesión ordinaria do pleno do concello celebrada o 27 de marzo de 2023 consta unha aplicación orzamentaria 23 231 48008, correspondente a modificación de crédito 4/23, denominada “Aportac. Fondo Galego Cooperac.: “Programa NADAFa” (4/23)”, dotada con 10.000 euros.

Esta subvención nominativa figura no Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2023 logo da modificación núm. 2 aprobada en sesión plenaria do 26 de xullo de 2023.

2. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista integrada por concellos e diputacións galegas, unidas pola vontade común de contribuír á erradicación das desigualdades Norte-Sur a través de proxectos de cooperación ao desenvolvemento de países empobrecidos, así como para a sensibilización social en Galicia.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ten a intención de colaborar co programa “NADAFa” desenvolvido pola Dirección de Cooperación e a Dirección de Medio Ambiente da Wilaya de Bojador en El Aaiún (Sáhara Occidental), para o que solicita a axuda económica das diferentes entidades locais galegas.

O programa ten por obxecto contribuír a mellorar a calidade de vida e o benestar da poboación refuxiada saharai a través da mellora da xestión dos residuos nesta provincia. Para eses efectos propónse, entre outros medios, a contratación de operarios para aumentar a frecuencia e eficacia da recollida, levar aos campamentos camiións que podan reforzar o servizo, así como adquirir equipos de traballo e protección. Propónse igualmente intensificar as actividades de sensibilización dirixidas á poboación.





3. O Concello de Nigrán ten interese en colaborar coa iniciativa descrita, motivo polo cal se propuxo a incorporación ao Orzamento Xeral da correspondente partida para financiar unha subvención nominativa.

### Fundamentos xurídicos

1. De conformidade co disposto no art. 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), poden concederse subvencións directamente cando estean previstas nominativamente no orzamento das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora desas subvencións. Sinala o dito precepto que o obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión, que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

O art. 65 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, do regulamento da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións (RLXS), establece que o procedemento para o outorgamento das subvencións de concesión directa iníciase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio, que terá o carácter de bases reguladoras da subvención aos efectos do previsto na LXS. Indica igualmente este precepto os extremos que debe comprender a resolución ou convenio.

Semellantes termos se recollen na normativa autonómica, nos arts. 26 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e nos arts. 36 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (RLSG)

2. De conformidade co art. 4 da Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán (BOP 141 do 22/07/2005), se por razón da natureza da actividade a subvencionar ou das características da persoa ou entidade que vaia a executar aquela actividade, cando non sexa posible promover a concorrencia pública, as subvencións outorgaranse mediante resolución ou acordo motivado do órgano competente para concedelas, no que se fará constar as razóns que xustifican a excepción da convocatoria en réxime de concorrencia, así como a forma na que terán que ser xustificadas as aplicacións dos fondos recibidos. En todo caso, tramitarase o correspondente expediente.

Visto a Proposta de resolución, o informe de fiscalización do interventor accidental con Rf.<sup>a</sup> EFC 90/33 e o escrito de formulación de discrepancias da Concillería responsable,

Visto canto antecede, en exercicio das competencias legalmente atribuídas, dítase a seguinte:

## RESOLUCIÓN





**PRIMEIRO:** A teor do contido no art. 15.3 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, resolver as discrepancias e levantar os reparos formulados polo interventor accidental, de conformidade cos motivos recollidos no escrito de formulación de discrepancias da Concellería responsable.

**SEGUNDO:** Conceder de xeito directo a seguinte subvención:

|   |   |
|---|---|
| Entidade beneficiaria:                  | Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade   |
| CIF                                     | G15629629   |
| Importe:                                | 10.000 euros  |
| Partida Orzamentaria (2022 prorrogado): | 23 231 48008  |
| Finalidade:                             | Garantir a mellora da salubridade na Wilaya de Bojador, de xeito que mellore a calidade de vida e o benestar da poboación dos campamentos |

**TERCEIRO:** A xestión da subvención será supervisada pola Concellería de Urbanismo, Medio Ambiente, Mobilidade, Vivenda, Xestión Municipal e RRHH do Concello de Nigrán, e efectuarase conforme as seguintes condicións:

- **NORMAS APLICABLES.** Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (LXS), o Real Decreto 887 /2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei (RLXS), a Lei 9 /2007, de 13 de xuño, de subvencións Galicia, Ordenanza municipal (BOP 141 do 22/07 /2005) e normas concordantes.
- **PRAZO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:** 2023
- **PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN:** un ano desde a resolución da concesión da subvención.
- **MODIFICACIÓNS:** Poderá modificarse a resolución de concesión naqueles casos excepcionais nos que sexa necesaria unha ampliación dos prazos de execución ou xustificación. Para elo, a entidade beneficiaria achegará a correspondente solicitude de modificación xunto cunha memoria na que exporá as causas que orixinasen a desviación nos prazos concedidos para a realización da actividade subvencionada.
- **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN:** Recoñécese anticipadamente a obriga de gasto polo 100% do importe da subvención con cargo á partida do Orzamento Xeral do ano 2022 prorrogado para o ano 2023 indicada no punto segundo, sen imposición de garantías.





- **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN:** A xustificación da subvención efectuarase na modalidade de Conta Xustificativa que conterà, polo menos:

1. Instancia subscrita pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, dirixida á Alcaldía do Concello de Nigrán, na que se solicite o pago da subvención.
2. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
3. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
4. Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
5. No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados dos mesmos.
6. Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte a Seguridade Social, e non ter pendente de pago ningunha débeda coa Administración Pública

Para achegar a xustificación poderá achegarse o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Nigrán ([sede.nigran.org](http://sede.nigran.org)) no apartado Trámites / Formularios de solicitude / Subvencións.

- **IMPORTE DE GASTOS A XUSTIFICAR:** A contía para xustificar ha de ser igual ou inferior a contía indicada nesta resolución como importe da axuda a conceder.
- **CAUSAS DE PERDA DA SUBVENCIÓN:** As previstas legalmente. Lémbrese que a falta de xustificación da actividade ou obxecto da subvención, dará lugar á perda da mesma (art. 34.3 LXS).
- **RÉXIME DE COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS PARA A MESMA FINALIDADE (art. 65.3.c RLXS):** A subvención concedida é compatible con outras axudas que teñan a mesma finalidade e sexan doutras Administracións Públicas, tendo en conta que o importe da subvención, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo co previsto no art.19.3 LXS.
- **OBRIGA DE COMUNICAR.** Deberá comunicarse ao Concello de Nigrán á concesión doutras axudas ou subvencións públicas (art.14.1.d LXS).





- **PUBLICIDADE:** A entidade beneficiaria debe realizar e acreditar que se efectuou a publicidade sobre o financiamento público do proxecto subvencionado (art.14.1.h LXS). Dado o carácter público do financiamento da actividade, a mesma debe de ir dirixida ao público en xeral.

En concreto, a publicidade consistirá en que nos actos de comunicación en prensa, redes sociais, eventos ou semellantes, das actividades levadas a cabo pola entidade beneficiaria quede constancia de que están subvencionadas polo Concello de Nigrán, así como coa colocación, nun lugar visible, dun cartel publicitario, empregando o modelo que se lles facilitará ao efecto e que pode atoparse na sede electrónica do Concello de Nigrán (<https://nigran.sedelectronica.gal>) no apartado Transparencia /Axudas e Subvencións.

- **RÉXIME DE GARANTÍAS:** Dispénsase a mesma por arraigamento da entidade beneficiaria na comarca.
- **CONTABILIDADE:** A entidade beneficiaria deberá identificar na súa contabilidade os ingresos, os gastos e os pagos derivados da realización da actividade subvencionada, debidamente desagregados por accións, de tal maneira que permita relacionar de forma clara e transparente os documentos xustificativos dos gastos incorridos e os pagos realizados coas accións subvencionadas realizadas.
- **GASTOS DE SUPERIOR CONTÍA (Art.31.3 LXS):** Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de Contratos do Sector Público para o contrato menor (para obras e servizos), o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou salvo que o gasto realizase con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas que deberán achegarse na xustificación ou no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- **GASTOS SUBVENCIONABLES:** Considéranse gastos subvencionables os que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios, e se realicen no prazo establecido para a execución do proxecto. En ningún caso, o custo de adquisición poderá ser superior ao valor de mercado.

Con carácter xeral, para que un gasto sexa subvencionable deberá ser soportado pola entidade beneficiario. Non se admitirá como subvencionables gastos que se trasladen a terceiros.





De acordo co Art. 31.2 da LXS, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Consideraranse admisibles como xustificantes de pago algúns dos documentos seguintes:

- Extractos ou certificacións bancarios. No caso de pagos mediante cheque xustificárase o pago mediante o extracto ou detalle bancario que xustifique o cargo na conta do beneficiario.
  - Recibín do pago do proveedor (excepcionalmente e limitado a gastos de pequena contía) ou acreditación na súa falta, mediante o reflexo na súa contabilidade dos pagos en metálico.
  - A entidade beneficiaria debe de conservar os xustificantes acreditativos da realización do pago material ao proveedor ou prestador do servizo, que no seu caso poderán ser requiridos pola Administración.
- Os documentos acreditativos do pago dos gastos subvencionables farán constar de forma expresa:
    - A data do pago, que debe ser como máximo a data tope de xustificación.
    - A identificación do beneficiario do pago e do ordenante do mesmo.
    - Concepto en que se ordena o pago, con remisión ao número ou números de factura a que corresponde. Se o documento de pago como tal non fai referencia á /s factura/s, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pago.

Non se aceptarán aqueles documentos de pago que, aínda sendo conformes cos requisitos formais sinalados anteriormente, non permitan identificar claramente as facturas ou xustificantes vinculados ao proxecto ao que correspondan.

En calquera caso, deberá cumprirse o sinalado no art. 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, sobre limitación dos pagos en efectivo.

Deberá acreditarse a realización do pago material dos gastos máis significativos e especialmente os que superen a limitación de pago en efectivo de 2.500 euros, o importe da operación, sen que ningún dos pagos parciais poida realizarse en efectivo.

Se a verificación dos pagos resulta negativa non se admitirá o gasto, por aplicación do art 31.2 da LXS.





A entidade beneficiaria debe de conservar os xustificantes acreditativos da realización do pago material ao provedor ou prestador do servizo.

**CUARTO.** Autorizar e dispoñer o gasto (fase AD) con cargo á aplicación orzamentaria correspondente a favor do beneficiario, polo importe concedido.

**QUINTO.** Procederá o reintegro das cantidades percibidas no caso de que a cantidade xustificada sexa menor que o importe concedido, así como no resto dos supostos establecidos no art. 37 da LXS.

No caso de que proceda o reintegro das cantidades percibidas, esixirase o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, podendo non obstante o beneficiario proceder de forma voluntaria á devolución das cantidades percibidas e intereses de demora correspondentes, de conformidade co disposto no art. 90 LXS.

**SEXTO.** Comunicar á Base de Datos Nacional de Subvencións a concesión da presente subvención, e publicar no portal de transparencia do Concello de Nigrán a subvención concedida, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiario.

## RECURSOS/ALEGACIÓNS

Proceder á notificación ao interesado desta resolución, que pon fin á vía administrativa, advertíndolle que contra ela poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ditado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

